

# UN RETO PROVEITOSO

## COMO A MULTIPLICIDADE DE LINGUAS PODERÍA CONTRIBUÍR Á CONSOLIDACIÓN DE EUROPA

Propostas do Grupo de Intelectuais a prol do Diálogo Intercultural  
Creado por iniciativa da Comisión Europea  
Bruxelas, 2008

*O presidente da Comisión Europea, José Manuel Durão Barroso, xunto co comisario encargado do Multilingüismo, Leonard Orban, crearon un grupo formado por personalidades activas no ámbito da cultura para que os asesorase no relativo á contribución do multilingüismo ao diálogo intercultural e á comprensión mutua das cidadanía da Unión Europea.*

*Presidido polo escritor Amin Maalouf, o grupo reuniu as seguintes persoas:*

*Jutta Limbach, presidenta do Goethe Institut*

*Sandra Pralong, experta en comunicación*

*Simonetta Agnello Hornby, escritora*

*David Green, presidente da EUNIC (Rede de Institutos Nacionais de Cultura da Unión Europea), antigo director xeral do*

*British Council*

*Eduardo Lourenço, filósofo*

*Jacques de Decker, escritor, secretario perpetuo da Real Academia de Lingua e Literatura francesas de Bélxica*

*Jan Sokol, filósofo, antigo ministro de Educación da República Checa*

*Jens Christian Grøndahl, escritor*

*Tahar Ben Jelloun, escritor*

*O grupo reuniuse en Bruxelas en tres ocasións, xuño, outubro e decembro de 2007.*

*Redactado polo señor Maalouf, o seguinte informe está inspirado nas ideas de todos os membros do grupo e reflicte o contido dos seus debates.*

A diversidade lingüística constitúe un reto para Europa. Pero, dende o noso punto de vista, trátase dun reto proveitoso.

Co fin de poder administrar eficazmente esta diversidade, a Unión Europea debe abordar cuestións que, no mundo actual, se volveron prioritarias e xa non se poden eludir sen comprometer o futuro. Como se pode lograr unha convivencia harmoniosa entre poboacións tan distintas? Que se pode facer para que sintan que pertencen a un colectivo común e teñen un destino común? É preciso intentar definir unha identidade europea? Poderá esta adaptarse a todas as nosas diferenzas? Poderá integrar os compoñentes e orixe non europeo? Son compatibles o respecto ás diferenzas culturais e o respecto aos valores fundamentais? Quixemos abordar estas cuestións, eminentemente delicadas, con franqueza e serenidade.

Invitados a reflexionar sobre o multilingüismo e sobre o xeito en que este podería afectar a integración europea e o diálogo das culturas, decidimos deixar de lado tanto as nosas suposicións máis optimistas como as máis alarmistas e basearnos nunha constatación o máis neutra posible: en toda sociedade humana, a diversidade lingüística, cultural, étnica ou relixiosa presenta á vez vantaxes e inconvenientes; é fonte de riquezas, pero tamén fonte de tensións; a actitude máis prudente é recoñecer a complexidade do fenómeno e esforzarse en destacar os efectos positivos e reducir ao máximo os negativos. Este criterio foi o fío condutor das nosas reflexións entre xuño e decembro de 2007.

Aínda que estamos convencidos de que estas cuestións serán obxecto de debate durante moitas xeracións futuras, intentamos dar algunhas respostas e propoñerlles unha orientación posible aos dirixentes europeos e aos nosos concidadáns. En todas as nosas reunións nos moveu a firme convicción de que a empresa na que está embarcada Europa dende o final da Segunda Guerra Mundial é unha da máis prometedoras que se acometesen nunca; e, en particular, de que unha xestión eficaz da nosa diversidade lingüística, cultural e relixiosa proporcionaría un modelo de referencia indispensable para un planeta traxicamente afectado pola caótica xestión da súa propia diversidade.

### **Os principios**

É ben sabido que a multiplicidade de linguas supón unha carga, dificulta o funcionamento das institucións europeas e leva consigo custos en termos de diñeiro e de tempo. Este custo chegaría a ser mesmo prohibitivo se se lles quixese conceder a decenas de linguas todo o protagonismo desexado, lexitimamente, polos seus falantes.

Ante tal diversidade, é grande a tentación de aceptar unha situación de feito na que unha soa lingua, o inglés, ocuparía un lugar preponderante no traballo das institucións europeas e outras dúas ou tres linguas poderían manter durante algún tempo unha presenza que se iría reducindo cada vez máis, mentres que a gran maioría das nosas linguas só terían un estatuto simbólico e non se utilizarían case nunca nas reunións comúns.

Cremos que unha evolución deste tipo non é desexable, porque sería prexudicial tanto para os intereses económicos e estratéxicos do continente como para toda a súa cidadanía, fose cal fose a súa lingua materna; e tamén porque sería contraria ao propio espírito do proxecto europeo en máis dun aspecto:

I - Respectar a nosa diversidade lingüística non significa unicamente ter en conta unha realidade cultural produto da historia, senón que constitúe o fundamento mesmo da idea europea tal e como esta emerxeu das ruínas dos conflitos que marcaron o século XIX e a primeira metade do XX.

Se a maioría das nacións europeas se construíron sobre os alicerces das linguas que marcaban a súa identidade, a Unión Europea non pode construírse máis ca sobre os alicerces da súa diversidade lingüística, o que, dende o noso punto de vista, é especialmente reconfortante. O feito de que o sentimento de pertencer a unha mesma entidade estea baseado na diversidade lingüística e cultural constitúe un potente antídoto contra os fanatismos cara aos cales se desviaron a miúdo os discursos de afirmación de identidade, tanto en Europa como noutros lugares, tanto no pasado como na actualidade.

Nacida da vontade dos seus distintos pobos, que decidiron unirse libremente, a Unión Europea non ten nin a vocación nin a capacidade de borrar a súa diversidade. Ao contrario, a súa misión histórica consiste en preservar, harmonizar, temperar e facer florecer esta diversidade; cremos que ten medios de facelo.

Cremos mesmo que está en condicións de lle ofrecer a toda a humanidade un modelo de identidade baseada na diversidade.

II - Europa formúlase hoxe interrogantes sobre a súa identidade e sobre a posibilidade de definir o contido desta sen caer na exclusión e permanecendo aberta ao mundo. Cremos que é a través dun enfoque meditado da súa propia diversidade lingüística como Europa poderá abordar esta delicada cuestión da forma máis construtiva, máis serena e máis sa posible.

A identidade de Europa non é unha folla en branco nin unha folla escrita e impresa; é unha páxina que se está a escribir. Existe un patrimonio común, artístico, intelectual, material e moral, dunha riqueza inaudita sen equivalente na historia da humanidade, construído por moitas xeracións sucesivas e que merece ser preservado, recoñecido e compartido. Cada europeo, onde queira que viva e veña de onde veña, debe poder apropiarse deste patrimonio e recoñecelo como seu, sen arrogancia, pero con lexítimo orgullo.

E, non obstante, o noso patrimonio non é un catálogo pechado. Cada xeración ten o deber de enriquecelo, en todos os ámbitos, sen excepcións, segundo a sensibilidade de cada un e en función das distintas influencias que, na nosa época, nos chegan dende todos os recunchos do mundo.

A aqueles que fan a súa entrada en Europa –e con esta definición poderíase aludir a xentes tan diversas como os inmigrantes e os nacionais dos novos países membros, así como aos mozos europeos de todos os países que comezan a descubrir a vida– débese animar constantemente a perseguir este dobre obxectivo, é dicir, o desexo de facer seu o patrimonio común e o de achegar a súa propia contribución a este.

III – Malia resultar indispensable para Europa fomentar a diversidade das expresións culturais, tamén é igualmente indispensable afirmar a universalidade dos valores esenciais. Estes son dous aspectos dun mesmo credo sen o cal a idea europea perdería o seu sentido.

A adhesión a determinados valores é a razón de ser da empresa europea tal e como se emprendeu inmediatamente despois da Segunda Guerra Mundial. Valores que, a miúdo, foron formulados por pensadores europeos, pero que, en gran parte, son tamén o resultado dunha sa reacción aos sangrentos e degradantes episodios da propia historia europea.

A Unión Europea naceu como oposición ás guerras devastadoras, contra as empresas totalitarias ou contra o racismo e o antisemitismo. Os primeiros pasos da construción europea coincidiron tamén co fin da era colonial e supuxeron o inicio dun cambio na natureza das relacións entre Europa e o resto do mundo.

Nunca foi doado formular exacta e, sobre todo, exhaustivamente, cales son os valores que toda persoa debe adoptar para integrarse plenamente no seo de Europa. Pero esta imprecisión, nacida dunha lexítima precaución intelectual, non significa que, no ámbito dos valores fundamentais, haxa que resignarse ao relativismo. Defender a dignidade do ser humano, xa sexa home, muller ou neno; preservar a súa integridade física e moral; impedir a degradación do medio do seu ámbito natural; rexeitar o abuso que supón toda humillación e toda discriminación relacionadas coa cor da pel, a relixión, a lingua, a orixe étnica, o sexo, a idade, a discapacidade etc. son valores todos eles con respecto aos cales non se pode transixir en nome de ningunha especificidade cultural.

Nunha palabra, cremos que a idea europea está baseada en dous requisitos inseparables: a universalidade dos valores morais comúns e a diversidade das expresións culturais; a diversidade lingüística en particular constitúe, por razóns históricas, un compoñente fundamental, e, como intentaremos demostrar, tamén unha magnífica ferramenta de integración e harmonización.

### **O enfoque proposto**

Con base nestes principios, buscamos unha solución asemade ambiciosa e realista.

Ambiciosa, porque o obxectivo que debe alcanzarse non consiste en «atrasar o ineludible»; ao contrario, consiste en introducir a diversidade lingüística de forma definitiva na vida dos cidadáns, dos pobos e das institucións de Europa. Ambiciosa, porque a solución debería ser aplicable independentemente do número linguas que se teña en conta. E tamén porque non se trata simplemente de atopar un acordo que non sexa prexudicial para a integración europea; do que se trata é de trazar unha vía que permita avanzar de forma significativa cara a esta integración.

Non obstante, queremos que o noso enfoque sexa realista. Ao longo dos nosos debates tivemos presente constantemente a idea de que as nosas reflexións non terían ningún sentido se non desembocaban en propostas aplicables *in situ*. Aínda que, por suposto, non existen solucións simples para problemas tan complexos, é importante fixar un rumbo.

A orientación que preconizamos baséase en dúas ideas que, de feito, son dúas caras

dunha mesma proposta:

**A - As relacións bilaterais entre os pobos da Unión Europea deberían ter lugar máis ben nas linguas destes dous pobos e non nunha terceira lingua.**

Isto implica que cada unha das linguas europeas tivese, en cada un dos países da Unión, un grupo significativo de falantes competentes e especialmente motivados.

O seu número variaría naturalmente segundo as linguas, pero debería ser o suficientemente importante en todas as partes para que estes falantes puidesen abranguer todos os aspectos –económicos, políticos, culturais etc.– das relacións «binarias» entre os dous países en cuestión.

**B - Para que todos estes falantes poidan formarse, a Unión Europea debería preconizar o concepto de lingua persoal adoptiva.**

Segundo este concepto, animaríase a todos e cada un dos cidadáns europeos a elixir libremente unha lingua distintiva, diferente tanto da súa lingua de identidade como da lingua internacional de comunicación.

Tal como nós a concibimos, a **lingua persoal adoptiva** non sería unha segunda lingua estranxeira, senón máis ben unha segunda lingua materna.

Aprendida en profundidade, falada e escrita con frecuencia, integraría no traxecto escolar e universitario de todo cidadán europeo, así como no currículo profesional de cada un.

A súa aprendizaxe iría acompañado dunha familiarización cos países nos que se fale esta lingua, coa literatura, a cultura, a sociedade e a historia vinculadas a esta lingua e aos seus falantes.

Mediante este enfoque, quereríamos que se superase a actual rivalidade entre o inglés e as demais linguas, rivalidade que se traduce nun debilitamento destas últimas, e que, ademais, vai en detrimento da lingua inglesa e dos seus falantes.

Coa introdución dunha distinción clara á hora de elixir entre unha **lingua de comunicación internacional** e unha **lingua persoal adoptiva**, incitaríase aos europeos a que, polo que se refire á aprendizaxe de linguas, tomasen dúas decisións separadas: unha determinada polas necesidades dunha comunicación máis ampla e a outra guiada por un conxunto de motivacións persoais vinculadas á situación individual ou familiar, ás relacións afectivas, ao interese profesional, ás preferencias culturais, á curiosidade intelectual etc.

Para cada unha destas decisións, as opcións serían o máis amplas posible.

Polo que se refire á **lingua de comunicación internacional**, aínda que non ignoramos que a maioría da xente optaría hoxe polo inglés, algúns poderían elixir o francés, o español, o portugués, o mandarín ou outras linguas.

As opcións con respecto á **lingua persoal adoptiva** serían practicamente ilimitadas. Probablemente, unha gran parte dos europeos optaría por unha das grandes linguas emblemáticas que desempeñaron un papel preponderante na historia do continente; desta forma deteríase a decadencia destas linguas, que entrarían nunha nova fase de

expansión.

Ao mesmo tempo, as linguas que teñen menos falantes, mesmo as que son moi minoritarias, experimentarían unha difusión sen precedentes, xa que o razoamento no que se basearía unha política que contemplase a **lingua persoal adoptiva** consistiría en que a elección dunha lingua se decidise da mesma forma ca a elección dunha profesión. O dominio dunha lingua relativamente descoñecida proporcionaríalle á persoa unha vantaxe suplementaria comparable á que proporciona unha especialización rara nun ámbito de vangarda.

Co tempo, a xente distribuiríase entre todas as linguas, de forma obviamente moi desigual, pero sempre significativa.

E, sobre todo, sustentable. Unha das principais consecuencias do enfoque que propoñemos é que todas as linguas europeas protagonizarían os intercambios bilaterais cos socios europeos, ningunha estaría condenada a desaparecer nin a quedar reducida á condición de dialecto local. Así, os falantes desta lingua, aínda que fosen pouco numerosos, non terían que sentirse nunca máis desprezados, excluídos nin illados.

Se ignoramos unha lingua, corremos o risco de que os seus falantes perdan o interese polas ideas europeas. Ninguén se pode adherir ao conxunto europeo se non está convencido de que a súa particular cultura, e, sobre todo, a súa lingua, se respectan, e de que a integración do seu país á Unión Europea contribúe, máis ca á súa marxinación, ao florecemento da súa propia lingua e da súa cultura. Moitas das crises das que fomos testemuñas, tanto en Europa como fóra do seu territorio, orixináronse porque, nun determinado momento no pasado, nunha determinada comunidade, xurdiu o sentimento de que non se respectaba a súa lingua; habería que manter a garda para evitar que, nos próximos anos e nas próximas décadas, se desenvolvesen estes sentimentos e poña en perigo a cohesión europea.

Todas as linguas son o produto dunha experiencia histórica única, cada unha é a expresión dunha memoria, un patrimonio literario ou unha habilidade específica e constitúe un fundamento lexítimo de identidade cultural. As linguas non son intercambiáveis, ningunha é imprescindible, pero ningunha é superflua.

Preservar todas as linguas do noso patrimonio, incluídas as linguas ancestrais europeas como o latín ou o grego antigo, e favorecer a súa expansión no resto do continente, mesmo no caso das linguas máis minoritarias, son aspectos intrínsecos da propia idea dunha Europa de paz, cultura, universalidade e prosperidade.

### **Os efectos previstos**

Fiel aos ideais que constitúen a razón de ser da Europa moderna, o enfoque que propoñemos debería ter tamén efectos tanxibles sobre a calidade de vida da cidadanía, sobre a calidade das relacións entre as nacións europeas, sobre as relacións do continente co resto do mundo, sobre a coexistencia harmoniosa das culturas no seo das nosas sociedades, sobre o bo funcionamento das institucións comunitarias e, máis xeralmente, sobre a continuación e a consolidación da construción europea.

1. Para todos os cidadáns europeos, novos ou menos novos, a aprendizaxe intensiva

e profunda dunha lingua e de toda a cultura que transmite constituiría un importante factor de desenvolvemento.

Nunha civilización na que a comunicación se volve tan importante e na que o tempo libre aumenta, emprender a exploración doutro universo lingüístico e cultural só pode achegar grandes satisfaccións profesionais, intelectuais e emocionais.

Ademais, o dominio dunha **lingua persoal adoptiva** e a familiarización co universo dos seus falantes debería favorecer unha visión do mundo máis aberta aos demais, e reforzar o sentimento de pertenza a Europa; non a custa do sentimento de pertenza á súa terra natal ou á súa cultura de orixe, senón paralelamente a este, en tanto que calquera cidadán europeo, nos seus contactos cos falantes da súa **lingua persoal adoptiva**, se sentiría naturalmente disposto a dar a coñecer o seu propio país e a súa propia cultura.

Dende o punto de vista profesional, todo indica que, malia que o inglés será cada vez máis necesario no futuro, será cada vez menos suficiente. Se nalgúns ámbitos de actividade é xa practicamente imprescindible coñecelo, incluír no currículo unha lingua que tamén incluírán todos os demais candidatos non lle proporcionará ao titular deste ningunha vantaxe adicional, nin para atopar emprego, nin para exercer calquera actividade. Unha situación que, actualmente, xa é frecuente, pero que o será moito máis no futuro. Será necesario posuír outras habilidades que marquen a diferenza, co fin de dispoñer dunha maior vantaxe profesional nunha parcela específica dada. Dende esta óptica, cada un de nós necesitará imperativamente coñecer outra lingua, a súa lingua persoal, a súa lingua distintiva, non tan común como o inglés e diferente da que xa comparte cos seus compatriotas. Probablemente, para os europeos cuxa lingua materna ocupa un lugar preponderante no mundo, e pensamos, en primeiro lugar, nos británicos, o feito de adquirir unha **lingua persoal adoptiva** é aínda máis importante ca para os demais, posto que a tentación de encerrarse no monolingüismo é para eles moito máis forte ca noutras comunidades. Se non se realiza un esforzo especial para promover, a partir da máis tenra infancia, a aprendizaxe intensiva dunha lingua adicional, a vantaxe da que se benefician hoxe os falantes de inglés desaparecería rapidamente, e a globalización da súa lingua materna tería efectos negativos sobre a súa competitividade, tanto individual como colectiva. Un estudo recente efectuado por petición do British Council<sup>1</sup> pon claramente de manifesto esta paradoxal evolución.

Quizais sería necesario destacar aquí que non hai dúbida de que é desexable que algúns europeos elixan o inglés como **lingua persoal adoptiva**, como Joseph Conrad, cuxa lingua materna era o polaco e a súa lingua de comunicación internacional o francés, pero que se converteu nun dos máis grandes escritores de lingua inglesa. Parécenos importante que o inglés preserve e afirme o lugar eminente que merece como lingua de cultura, que non quede limitado a exercer de mero instrumento de comunicación global, un papel adulator pero redutor, e potencialmente empobrecedor.

2. Na medida en que fai fincapé no carácter **bilateral** das relacións lingüísticas entre os distintos países, o enfoque que propoñemos debería incidir positivamente na calidade das relacións entre os europeos, tanto dos individuos como dos pobos.

<sup>1</sup> GRADDOL, David: *English Next*, 2006.

Parécenos, en efecto, que esta calidade aumentaría susceptiblemente se cada un puidese expresarse nunha lingua que dominase á perfección, xa fose a súa ou a do

seu interlocutor, en vez de facelo por medio dunha terceira lingua que domina só medianamente, como acontece con frecuencia hoxe en día. Estudos recentes amosan mesmo que as negociacións comerciais culminan con éxito con moita maior frecuencia se cada un dos socios pode expresarse libremente na súa propia lingua.

Ao falar da calidade das relacións, referímonos tanto á eficacia dos intercambios, como á sutileza dos contactos humanos, así como á intensidade e á solidez das relacións entre os pobos no seo da extensa familia europea.

A construción de Europa iniciouse ao cabo de varios séculos de conflitos entre as súas nacións, especialmente entre pobos veciños. Por iso, aprender a lingua dun socio que antigamente foi un inimigo constitúe un acto importante, tanto polo seu significado simbólico como polos seus efectos prácticos.

Para reforzar a cohesión entre os países da Unión non abonda con que estes pertencen a un mesmo conxunto, tamén é necesario que os vínculos bilaterais entre un país e cada un dos seus socios estean cimentados en fortes afinidades, baseadas, en particular, no lugar privilexiado que para os cidadáns de ambos os dous países tería a lingua do outro.

Malia os esforzos emprendidos por algúns grandes países fundadores como Francia e Alemaña, obsérvase un debilitamento do coñecemento da lingua do veciño en prol dunha lingua de comunicación internacional, que se xulga máis útil.

Inverter este movemento que parece inexorable esixe unha ruptura radical coa lóxica tradicional da aprendizaxe de linguas, disociando claramente as dúas eleccións que deben efectuarse: unha debe facerse en función da proxección global dunha lingua; a outra, a relativa á **lingua persoal adoptiva**, debe facerse en función doutros criterios, moi variados e moi subxectivos. Ao evitar que a xente tivese que elixir entre consideracións prácticas e afinidades culturais, outorgaríase de novo unha forte razón de ser á aprendizaxe de todas as linguas europeas, xa fose a lingua dun país afastado ou a lingua do país veciño.

3. As vantaxes do enfoque que propoñemos serían, así mesmo, significativas para as relacións entre Europa e o resto do mundo.

Aínda que é probable que a maioría de nosos concidadáns elixise como **lingua persoal adoptiva** a doutro país da Unión, tamén é igualmente probable que moitos deles optasen por linguas procedentes doutros continentes. Na actualidade pénsase sobre todo nas linguas dos grandes países de Asia, que se converteron en importantes socios económicos.

A argumentación desenvolvida para Europa podería aplicarse parcialmente ao conxunto do planeta. O que as relacións cos distintos países estivesen xestionadas principalmente por europeos cun coñecemento profundo da lingua do país en cuestión, da súa cultura, da súa sociedade, da súa historia, das súas leis e das súas institucións, é unha evolución desexable que só lle pode proporcionar á Unión vantaxes en todos os ámbitos. Como observou sensatamente un economista, unha persoa que só fale unha lingua internacional non terá ningunha dificultade en adquirir o que desexe en calquera lugar do mundo; pero se o que pretende non é comprar, senón vender, é conveniente que coñeza a lingua do posible comprador.

Probablemente non sexa imperativo, pero é indiscutible que os que aprendesen a lingua dos seus socios comerciais terían unha vantaxe decisiva sobre os que non a aprendesen.

A Europa interésalle contar con continxentes significativos de falantes de todas as linguas do mundo. A estratexia que propoñemos favorecería esta evolución. De acordo coa nosa reflexión, a elección da **lingua persoal adoptiva** sería, lembremos, o máis extensa e o máis libre posible. Non se debería desprezar ningunha lingua, xa que todas abren horizontes profesionais, culturais ou doutro tipo, tanto para os cidadáns como para os países, así como para o continente no seu conxunto.

4. O noso grupo reflexionou detidamente sobre a forma de evitar que a diversidade cultural repercuta negativamente nunha coexistencia harmoniosa no seo das sociedades europeas.

O fenómeno da inmigración está a adquirir unha importancia crecente na vida política, económica, social e intelectual do continente. Poderíamos dicir ao respecto o mesmo que diciamos respecto da diversidade europea en xeral, é dicir, que é á vez unha fonte de enriquecemento e unha fonte de tensión, e que a política intelixente é aquela que, sen deixar de recoñecer a complexidade do fenómeno, intenta por todos os medios maximizar as súas vantaxes e minimizar os inconvenientes. Cremos que o enfoque que propoñemos para xestionar a diversidade lingüística podería contribuír significativamente a lograr este dobre obxectivo.

Para os inmigrantes, a **lingua persoal adoptiva** debería ser, por regra xeral, a do país no que decidiron establecerse. Un coñecemento profundo da lingua nacional, así como da cultura que esta transmite, é un elemento indispensable para integrarse na sociedade de acollida, para participar na súa vida económica, social, intelectual, artística e política. É tamén un factor de adhesión dos inmigrantes ao conxunto de Europa, ao seu proxecto comunitario, ao seu patrimonio cultural e aos seus valores fundamentais.

Paralelamente e, poderíamos dicir, reciprocamente, é esencial que os países de Europa comprendan a importancia que reviste, para todos os emigrantes e os seus descendentes, conservar a súa lingua de orixe. Un mozo que perde a lingua dos seus antepasados perde tamén a capacidade de comunicarse con fluidez cos seus pais, o que constitúe un factor de desaxuste social que xera violencia.

A afirmación exacerbada da identidade procede a miúdo dun sentimento de culpabilidade con respecto á cultura de orixe, culpabilidade que, ás veces, se expresa nunha radicalización de tipo relixioso. Para dicilo doutra forma, un inmigrante, ou un descendente de inmigrantes, que soubese falar a súa lingua materna, puidese transmitírllela aos seus fillos e tivese a impresión de que a súa lingua e a súa cultura de orixe se respectan na sociedade de acollida, sería menos propenso a compensar doutra forma a súa sede de identidade.

Polo tanto, cremos que facilitar o acceso dos inmigrantes, tanto europeos como non europeos, á súa lingua de orixe, permitirlles conservar o que poderíamos chamar a súa dignidade lingüística e cultural, é un potente antídoto contra o fanatismo. A pertenza relixiosa e a pertenza lingüística atópanse, sen dúbida, entre os máis poderosos elementos constituíntes dunha identidade. Non obstante, non funcionan do mesmo xeito, e, ás veces, compiten entre si. A pertenza relixiosa é exclusiva, a pertenza lingüística non o é. Cremos que dissociar estes dous poderosos factores de identidade, desenvolver a pertenza lingüística e cultural, non a custa da relixión, senón a custa da utilización identitaria da relixión, é unha acción desexable que podería contribuír a reducir as tensións, tanto nas sociedades europeas como no resto do mundo.

Do mesmo xeito que se animaría aos inmigrantes a que adoptasen plenamente a lingua do país de acollida e a cultura que transmite, sería xusto e útil que as linguas identitarias dos inmigrantes formasen tamén parte do grupo de linguas cuxa aprendizaxe se lles aconsella aos europeos. Sería preciso romper progresivamente esta relación de sentido único, na que as persoas vindas de fóra aprenden cada vez mellor as linguas europeas, mentres que, entre os europeos, moi poucas persoas se dignan aprender as linguas dos inmigrantes. Estes últimos necesitan que as súas linguas, as súas literaturas, as súas culturas sexan coñecidas e apreciadas polas sociedades nas que viven; cremos que o enfoque baseado na **lingua persoal adoptiva** podería contribuír a disipar este malestar.

5. O noso grupo de reflexión non abordou explicitamente os efectos da multiplicidade de linguas no funcionamento das institucións comunitarias. Non obstante, cremos que o enfoque que propoñemos, ao facer fincapé nas **relacións bilaterais de lingua a lingua**, sería idóneo para racionalizar a xestión da diversidade lingüística no seo da Unión, incluída a práctica cotiá das institucións.

Desta forma, en vez de enfrontarse a unha inmensa maraña practicamente imposible de desenredar, formada por decenas de linguas vinculadas entre si por centos de posibles conexións, que dan pé inevitablemente a innumerables malentendidos, enfrontariámonos a pares de linguas, asociadas entre si *in situ*, e cunhas relacións entre elas principalmente xestionadas polos seus falantes comúns, é dicir, polas persoas máis estreitamente vinculadas a estas dúas linguas e as mellor cualificadas para estreitar os vínculos entre os dous pobos afectados.

Sería, en efecto, desexable dispoñer, para cada par de países, dun organismo bilateral e bilingüe –un instituto, unha fundación, unha asociación, ou, mesmo, simplemente un comité– creado por iniciativa dos dirixentes políticos ou dun grupo de cidadáns especialmente comprometidos cos dous países, coa lingua e a cultura de ambos os dous. Este organismo emprendería iniciativas para desenvolver o mutuo coñecemento, intentaría que as autoridades nacionais, rexionais ou urbanas, institucións escolares e universitarias, empresas, asociacións de profesores, tradutores, escritores ou editores, personalidades, cidadáns activos etc. se interesasen polos seus proxectos.

Entre as numerosas tarefas que estes organismos bilaterais poderían levar a cabo, unha das máis importantes sería velar porque a lingua de cada país ensinase un determinado número de persoas do país socio, que os cursos escolares e universitarios inclúsen estadias prolongadas no outro país e que as institucións e as empresas públicas apoiasen as persoas que escollesen estas linguas, ofrecéndolles empregos e axudantías.

Tamén se poderían organizar innumerables operacións de irmandamento entre cidades, entre barrios, entre vilas, e ata entre institucións pedagóxicas, entre asociacións deportivas, entre editores etc. Cada un destes organismos bilaterais dedicaría os seus esforzos ao fortalecemento dos vínculos entre os falantes das dúas linguas que desexa aparellar. Sobreenténdese, por suposto, que en todos os países da Unión debería haber tamén estruturas similares que dedicasen os mesmos esforzos a estreitar os lazos con todos os demais países; o resultado previsto sería un apertado «tecido» que cubriría toda Europa e reforzaría a pertenza común, tranquilizando, ao mesmo tempo, a identidade de cada un.

Dende esta perspectiva, a función das institucións comunitarias sería axudar a concibir o marco xeral para construír estas relacións lingüísticas bilaterais alí onde estas aínda non existan, e, se é o caso, harmonizalas; centralizar a información relativa a cada un destes «pares de linguas», especialmente para facilitar o mutuo aproveitamento das experiencias dos demais con obxecto de xeneralizar aqueles métodos que dan resultados e previr os que resultasen decepcionantes. Nalgúns casos, especialmente no das relacións entre dúas linguas moi minoritarias, as institucións comunitarias poderían contribuír financeiramente aos programas de ensino e de formación dos profesores, aos programas de intercambios escolares ou universitarios, de tradución etc. Non obstante, cremos que, por regra xeral, esta contribución debería reducirse progresivamente a medida que finalice a rodaxe do funcionamento do sistema e este xa adopte a súa velocidade de cruceiro e atope os seus propios recursos.

### **As implicacións**

Ao elaborar o marco deste informe, a nosa intención non foi enumerar as medidas que deben adoptarse para aplicar *in situ* o enfoque que preconizamos. Pareceunos que, nesta fase, era preciso fixar primeiro o rumbo e intentar convencer da súa pertinencia os nosos concidadáns e os nosos dirixentes.

Non obstante, pareceunos necesario dedicar unha parte importante do noso traballo ás implicacións prácticas das nosas recomendacións, co fin de verificar que non só sexan ambiciosas e innovadoras, senón tamén perfectamente racionais e realistas; que sexa posible aplicalas sen grandes dificultades, sen demasiada demora e sen que o seu custo sexa excesivo; e que sexan claramente favorables para todos os países, todas as culturas e todos os cidadáns, sexan cales sexan a súa lingua e as súas esperanzas en relación co futuro de Europa. Isto lévanos a formular as seguintes observacións:

A - É certo que, ao desexar que se anime a todo o mundo a escoller libremente a súa **lingua persoal adoptiva**, estamos a defender un principio que non poderá aplicarse inmediatamente en todas as cidades e todos as vilas, nin para todas as linguas. Como acontece sempre con este tipo de principios, a súa función é indicar un camiño, fixar un obxectivo para cuxa consecución non hai que aforrar esforzos.

A idea central é que as dúas ou tres linguas estranxeiras que cada un tería posibilidade de aprender non é unha decisión que debese tomarse só «dende a cúspide», senón «dende a base», é dicir, as escolas, así como, de forma crecente, os propios cidadáns.

B - Unha das vantaxes do enfoque que preconizamos é que se pode aplicar sen necesidade de esperar a que todos os responsables da toma de decisións, nacionais ou comunitarios, se pronunciasen ao respecto. Cada persoa pode tomar a decisión de elixir a súa **lingua persoal adoptiva**, e cada país, cada cidade, cada municipio, cada empresa e cada institución pedagóxica pode tomar iniciativas neste sentido.

Por exemplo, nunha institución escolar poderían decidir introducir no seu programa unha lingua «imprevista», distintiva, que non estivese entre as ensinadas previamente. Isto podería facerse no marco dun intercambio cunha escola do país da lingua escollida. Non é necesario que sexa unha operación a grande escala ou espectacular. Vexamos o caso dunha cidade sueca irmandada cunha cidade portuguesa, ou dunha cidade italiana irmandada cunha cidade polaca; as autoridades

municipais poderían favorecer a creación de dous currículos escolares paralelos que inclúsen cada un a lingua do outro. As clases irmandadas deste xeito poderían levar a cabo, ano tras ano, estadias prolongadas no país correspondente, participar en actividades comúns, establecer vínculos. Nestas experiencias só poderían participar de cada vez varias decenas de alumnos, pero se se xeneralizasen, se houbera centos, miles de iniciativas deste tipo –entre os países, as rexións, as cidades, os barrios, as institucións, as empresas, as asociacións etc.–, desenvolveríase unha poderosa dinámica.

C - Dito isto, estamos persuadidos de que o noso enfoque da cuestión lingüística non podería ter todo o impacto desexado sen o claro compromiso dos responsables europeos da toma de decisións.

Posto que do que se trata é de fixar un rumbo, de determinar unha estratexia global en cuxo marco se inscribirían as distintas iniciativas, é importante que calquera decisión ao respecto se tome ao máis alto nivel, preferiblemente en 2008, Ano Europeo do Diálogo Intercultural.

A Unión Europea xa se comprometeu a construír unha sociedade do coñecemento diversa e harmoniosa, competitiva e aberta ao mundo, e a promover o coñecemento das linguas; en particular, formulou o desexo de que en cada país ensinen dúas linguas estranxeiras a partir da máis tenra infancia. Dende esta perspectiva, o noso grupo de reflexión quixo propoñer unha vía de aplicación que teña en conta a complexidade do fenómeno lingüístico a principios do século XXI, coa esperanza de facilitar a consecución destes obxectivos, ampliar as consecuencias positivas que ten, tanto no ámbito individual como colectivo, e lograr a sustentabilidade da diversidade lingüística como fundamento emblemático e práctico da construción europea.

D - O ensino de moitas linguas estranxeiras en países nos que non é habitual pode, certamente, presentar problemas loxísticos, financeiros e humanos, relacionados, en particular, coa formación dun profesorado axeitado e en número abondo, a adaptación das escolas ás novas esixencias e a xestión do tempo. Pero actualmente estes obstáculos pódense superar doadamente con axuda da tecnoloxía moderna.

Polo tanto, non resulta en absoluto desatinado imaxinar un mesmo profesor dando clase en liña a alumnos situados en diversas localidades, que, pola súa vez, teñen a posibilidade de formular preguntas directamente a través das súas pantallas. En termos técnicos, actualmente isto é perfectamente factible e podería mesmo multiplicar os contactos entre os falantes dunha mesma **lingua persoal adoptiva** mellor do que o faría un curso de lingua tradicional.

Isto esixe, sen dúbida, a unificación de horarios, co fin de que en distintos países se dediquen os mesmos tramos horarios á aprendizaxe de linguas; durante estas horas, o alumnado europeo conectaríase, individualmente, ao seu curso de grego, neerlandés, romanés ou estoniano. Estamos convencidos de que estes horarios comúns crearían por si mesmos unha dinámica propia, eminentemente beneficiosa, tanto nos ámbitos do coñecemento e do desenvolvemento individual, como para a cidadanía, sobre todo se puidesen introducirse pouco a pouco en toda Europa.

Dende o noso punto de vista, este é un exemplo evidente da forma en que as decisións comunitarias na materia poderían facilitar a aplicación deste novo enfoque; ademais, cremos que ilustra o impacto que unha nova estratexia lingüística podería ter na consolidación da idea europea no noso espírito.

E - Probablemente, a libre elección dunha **lingua persoal adoptiva** non será

sempre unha elección definitiva. No caso dos nenos de curta idade, serán os pais e a escola, non o propio alumno, os que levarán a cabo a elección; e, ás veces, máis adiante, esta elección será obxecto de reconsideración. Pero o beneficio derivado do que se adquiriría durante os primeiros anos non desaparecerá, e, a miúdo, deixaría preparado mentalmente o terreo para a aprendizaxe doutra lingua. Por outra banda, non é necesario que a **lingua persoal adoptiva** se elixa sempre durante a infancia. Pódese elixir a calquera idade, incluída a da xubilación, que actualmente lles ofrece a decenas de millóns de europeos a perspectiva dun longo período de tempo libre que poderían aproveitar para envorcarse apaixonadamente no coñecemento doutra lingua, outro país, outro pobo e outra cultura.

En caso de adoptarse a orientación que preconizamos, será obviamente necesario estudar detidamente a forma de aplicala durante os próximos anos. Unha acción dobremente pedagóxica, posto que haberá que introducir pouco a pouco nos espíritos o enfoque bilateral das relacións lingüísticas e o concepto de **lingua persoal adoptiva**, e, a continuación, ocuparse na práctica das distintas implicacións, especialmente no ámbito do ensino.

Esta será unha das principais obras de Europa, pero estamos convencidos de que é indispensable comprometerse a levala a cabo canto antes e de que as súas repercusións materiais e morais xustificarán amplamente os esforzos realizados. E, volvendo ás cuestións específicas formuladas no noso grupo de reflexión, a nosa resposta está clara: unha xestión prudente e imaxinativa da diversidade lingüística pode, en efecto, favorecer a integración europea e promover o espírito de cidadanía e o sentimento de pertenza á Unión; tamén pode contribuír significativamente ao diálogo das culturas e á súa coexistencia harmoniosa, tanto fronte ao resto do mundo como no seo das nosas propias sociedades. Mesmo podería darlle un novo pulo, unha nova inspiración, á construción europea.

#### *Agradecementos*

*Os dez membros do grupo desexan agradecerlles sinceramente a todas as persoas que, na Comisión Europea, facilitaron os seus traballos e contribuíron na súa reflexión, en particular a Leonard Orban, comisario de Multilingüismo, a Odile Quintin, directora xeral de Educación e Cultura, a Patricia Bugnot, Catulina Soares Guerreiro, Alison Crabb, Vladimir Sucha, Pietro Petrucci, Harald Hartung, Diego Marani e Yves Le*

*Lostecque, así como a todo o equipo de intérpretes e tradutores.*

*Desexamos expresar o noso especial agradecemento a Teresa Condeço que garantiu, con eficacia e xentileza, a dirección administrativa do grupo.*